

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ÁMBITO SOCIAL ESA

CURSO 2023-2024

IES Plurilingüe CASTRO DA UZ



ÍNDICE:

E.S.A. Módulo III

- Introducción e contextualización.

Obxectivos (O.). Contidos (C.). Criterios de Avaliación (C.A.). Estándares de aprendizaxe avaliable (E.A.). Competencias Clave (C.C.). Temporalización (T.). Grao mínimo para superar a materia (M.C.). Procedementos e Instrumentos de avaliación (P.I.A.). **Aprendizaxes Imprescindibles**

- Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- Concrecións metodolóxicas e modalidade de ensino presencial.

Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino non presencial.

Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial e de corentena de parte do alumnado.

- Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación na modalidade de ensino presencial.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino non presencial.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino semipresencial e de corentena de parte do alumnado.

- Criterios de cualificación

Criterios sobre a promoción do alumnado.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- Medidas de atención á diversidade.
- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- Actividades complementarias e extraescolares

E.S.A. Módulo IV

- Introducción e contextualización.

Obxectivos (O.). Contidos (C.). Criterios de Avaliación (C.A.). Estándares de aprendizaxe avaliable (E.A.). Competencias Clave (C.C.). Temporalización (T.). Grao mínimo para superar a materia (M.C.). Procedementos e Instrumentos de avaliación (P.I.A.). **Aprendizaxes Imprescindibles**

- Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- Concrecións metodolóxicas e modalidade de ensino presencial.
- **Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino non presencial.**
- **Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial e de corentena de parte do alumnado.**
- Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación na modalidade de ensino presencial.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino non presencial.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino semipresencial e de corentena de parte do alumnado.

- Criterios de cualificación
- Criterios sobre a promoción do alumnado.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- Medidas de atención á diversidade.
- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- Actividades complementarias e extraescolares

Mecanismo de revisión e de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ESA-Módulo III

Introdución e contextualización.

As ensinanzas básicas iniciais organízanse en dous niveis diferenciados, ambos cunha concepción globalizadora dos contidos. O primeiro nivel incluíra os coñecementos necesarios para adquirir as destrezas de lecto-escritura. Curso heteroxéneo dende a perspectiva das características dos estudantes, tanto en idade, coma en coñecementos previos.

Obxectivos (O.). Contidos (C.). Criterios de Avaliación (C.A.).
Estándares de aprendizaxe avaliable (E.A.). Competencias Clave (C.C.).
Temporalización (T.). Grao mínimo para superar a materia (M.C.).
Procedementos e Instrumentos de avaliación (P.I.A.).
Aprendizaxes Imprescindibles

E.S.A. Módulo III							
Bloque 1: Historia							
O.	C.	C.A.	E.A.	C.C.	T.	M.C.	P.I.A.
B C D I m	B1.1. A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.1. Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia cultural, social, política e económica.	CSC CCEC CAA	1 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.1.2. Valora o alcance da Ilustración e da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.	CSC CMCCT CAA			
			B1.1.3. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións	CSC CCEC			

			culturais que supoñan discriminación de calquera tipo				
C E F J	B1.2. O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2. Comprender o inicio da Idade Contemporánea desde unha perspectiva social, política e económica	B1.2.1. Narra de xeito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes.	CSC CAA CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
c e f j	B1.3. Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3. Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica	B1.3.1. Analiza as relacións entre reinos europeos que conduciron ás guerras.	CSC CCL			
C E F	B1.4. Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII.	B1.4. Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e o mantemento do poder por parte dos monarcas europeos na época da Ilustración.	B1.4.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
c e i j	B1.5. A Revolución Industrial.	B1.5. Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que implica, e	B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	CSC CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.5.2. Compara o proceso da	CSC CAA CCL			

		analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia.	Revolución Industrial en Inglaterra e doutros países				
			B1.5.3. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.	CSC CMCCT			
			B1.5.4. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	CSC CMCCT CAA			
C F I	B1.6. Revoluções burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B1.6.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC CAA CCL			
			B1.6.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	CSC CAA CCL			
C I m	B1.7. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7. Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, consecuencia das revolucións industriais.	B1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CD CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.7.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	CSC CD CAA			
			B1.7.3. Comenta analiticamente diferentes tipos de	CSC CCEC CCL			

			obras de arte do século XIX.				
b c d i	B1.8. A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxo do colonialismo.	B1.8. Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	B1.8.1. Razoa a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas supranacionais e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX. B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	CSC CAA CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
c d e i	B1.9. O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9. Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.	B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa. B1.9.2. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	CSC CAA CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
b c e i j	B1.10. A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxo dos fascismos.	B1.10. Comprender os acontecementos, fitos e procesos máis importantes do período de Entreguerras e analizar as causas do auxo dos fascismos en Europa.	B1.10.1. Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia verbo dos procesos máis importantes do período de Entreguerras. B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	CSC CD CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.

			B1.10.3. Valora a loita da muller no movementu sufraxista.				
			B1.10.4. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.				
b c e i j	B1.11. A Segunda Guerra Mundial (1939-1945)	B1.11. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias	B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	CSC CD CAA CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.11.2. Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial.	CSC CCL CAA			
			B1.11.3. Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	CSC CD CAA CCL			
			B1.11.4. Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.	CSC CCEC CD CCL			
c d j	B1.12. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.	B1.12. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.	CSC CCL CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	CSC CCL CAA			
Bloque 2: Economía							

a e h i p	B2.1. Ingresos e gastos. Identificación e control. B2.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridade	B2.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B2.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA CD CMCCT			
			B2.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT			
a c f i p	B2.3. Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida.	B2.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional	CAA CSIEE	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
a i j p	B2.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B2.5. Risco e diversificación.	B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e	CAA CSC			

			seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento				
a i j p	B2.6. O diñeiro. B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B2.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidade dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria	CAA CD	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CAA CD			
			B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas	CCL CD CMCCT			
			B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT			
A C	B2.10. O seguro como medio	B2.5. Coñecer o concepto de	B2.5.1. Identifica, describe e clasifica	CAA CCL CMCCT	2 C	50%	Traballo de

i p	para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	seguro e a súa finalidade.	os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.				clase. Probas escritas.
--------	---	----------------------------	---	--	--	--	-------------------------

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Concrecións metodolóxicas na modalidade de ensino presencial.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino non presencial.

No caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial, cada profesor botará man da **canle de comunicación e de traballo** co alumnado que previamente fora acordada con eles e que será fundamentalmente a **Aula Virtual** do centro, así como o correo electrónico. Ao comezo de curso, cada grupo contará cunha sección na Aula Virtual na que se subirán materiais de traballo e tarefas para ir acostumbrando ao alumnado ao seu uso.

De terse que suspender a actividade lectiva presencial, haberanse de introducir igualmente varias modificacións referentes á metodoloxía. En primeiro lugar, dependendo do tempo estimado que se preveza que poida durar esa situación, poderanse introducir **modificacións na temporalización** da programación, buscando principalmente adicar o tempo de ensino a

distancia para traballar aquelas aprendizaxes que revistan un carácter máis teórico e que, polo tanto, resulte máis doado ao alumnado de seguir. En segundo lugar, aplicarase unha redución dos contidos a traballar, que serán reducidos aos **mínimos e aprendizaxes imprescindibles** recollidos no apartado 6 desta programación. En terceiro lugar, a forma de traballar tamén deberá ser modificada; neste senso, o profesorado aportará ao alumnado recursos para explicar ou repasar os contidos que deban ser traballados, os cales serán vídeos explicativos (ben elaborados polo docente ou ben obtidos na rede) e/ou clases telemáticas; neste último caso, a canle empregada de xeito preferente será a plataforma habilitada pola Xunta (Cisco Webex), aínda que tamén se poderán outras plataformas similares.

En canto ás **actividades** que deberá realizar o alumnado, traballarase de maneira habitual co libro de texto e as actividades que veñen indicadas nel. Isto presenta varias vantaxes: primeiramente, por ser a maneira de traballo á que o alumnado está máis afeito, e en segundo lugar porque permite reducir o tempo que o alumnado deberá estar conectado, o cal debe ser tido en conta tanto por cuestións de saúde e de comodidade para el como para o caso das familias que dispoñan de menores medios informáticos e que, por conseguinte, deban compartilos entre varios membros. Por outra banda, tamén se optará pola realización de traballos de síntese ou investigación que permitan traballar as competencias clave, ademais dos contidos propios da materia.

Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial e de corentena de parte do alumnado.

No caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial, terase en conta as características de dita modalidade que decidan as autoridades educativas. A grandes rasgos, optarase por unha combinación do modelo presencial e non presencial arriba descrito, en función de cal dos dous sexa o predominante. No caso dun ensino semi-presencial máis equitativamente distribuído, como podería ser a alternancia de días ou semanas presenciais e a distancia, adoptaranse principalmente modificacións na temporalización da programación para adecuar o tipo de contidos á modalidade que resulte máis axeitada para abordalos. Así, optarase esencialmente por adicar os días de ensino presencial para traballar novos contidos, sobre todo no caso de aqueles de carácter máis práctico ou que poidan resultar máis complexos para o alumnado, e adicaranse maioritariamente os días de ensino non presencial para a realización de actividades (tanto de repaso como de ampliación ou traballos) e para

abordar, de ser necesario, os contidos máis sinxelos e que o alumnado poida traballar facilmente por si mesmos.

Por outra banda, tamén se deberá ter en conta o caso de que haxa alumnos que, como consecuencia de ter que estar en cuarentena pola Covid-19 e, polo tanto, que non poidan acudir ás clases presencialmente. Nestas situacións, o profesor poderá, se así o desexa, retransmitir as clases ben en tempo real ou ben gravadas para o alumnado que se atope en situación de corentena. Sen perxuízo do anterior, a canle preferente de traballo e comunicación co alumnado será a Aula Virtual, subindo as tarefas e materias necesario para que este alumnado poida continuar co seu proceso de aprendizaxe desde a casa; as dúbidas solucionaranse ben mediante o servizo de mensaxería da Aula Virtual ou ben mediante correo electrónico ou calquera outra vía acordada que o profesor considere axeitada.

Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Para o desenvolvemento deste curso e debido ás características do alumnado non recorreremos ao libro de texto

As TIC serán as grandes protagonistas das nosas aulas. Así as fotografías aéreas ofrecidas polo SICPAC serán unha das ferramentas cotiás do noso traballo.

O Google Earth e as súas imaxes en 360 ° son outra das potentes ferramentas dixitais ás que recorreremos ao longo do curso.

O profesor porá a disposición do alumnado, ben directamente, ben a través da biblioteca, atlas, mapas e planos de distintos tipos e escalas.

En todo momento potenciaremos a lectura e o uso da biblioteca escolar.

Todo isto será complementado con recursos audiovisuais proporcionado polo profesor ou a través de distintas canles de You Tube.

criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación na modalidade de ensino presencial.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán fundamentalmente tres. O traballo na aula e as probas escritas ou traballos.

Traballo na clase: Neste caso valorarase a participación significativa nas dinámicas de grupo así como a realización dos exercicios propostos. Terá un peso na nota final do 20%.

Exame escrito ou traballo: Realizaremos varios exames escritos por cuatrimestre. Neles prantexaremos un número variable e significativo de preguntas referidas aos estándares de aprendizaxe desenvolto durante o período a avaliar. Os exames serán cualificados de 1 a 10 e farase a media aritmética entre a nota de todos eles. Terá un peso na nota final do 80%.

O instrumento de avaliación do traballo estará reservado, en casos moi puntais, para aquel alumnado que non asista regularmente as clases pero sí faga un seguimento da materia e non poida asistir ao exame final fechado oficialmente.

Exames de recuperación:

No caso de que a cualificación da media dos exames do cuatrimestre sexa inferior a 5 o profesor ofrecerá a posibilidade de realizar un exame final dese cuatrimestre

En caso de aprobar o exame final, a cualificación obtida nese exame pasará a ser a calificación final.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino non presencial.

Neste caso e na medida do posible, intentaremos ceñirnos ao modelo exposto anteriormente para a ensinanza presencial con respecto tanto á valoración do traballo na clase coma dos exames escritos.

Aínda así queremos deixar constancia dunha serie de matices no caso de que nos vexamos obrigados a recorrer ó ensino non presencial. A primeira medida será tratar de retrasalas ata que se poida retomar novamente a actividade lectiva presencial. En caso de que isto non fose posible, ou non se puidese producir nun prazo de tempo razoable, supoñendo contratempos para a avaliación do alumnado, poderase optar por dúas posibilidades: a súa substitución por unha actividade de avaliación diferente (como a realización dun traballo, un boletín de exercicios...), ou a realización de probas telemáticas. Neste último caso, poderase optar igualmente por varios modelos: a realización dunha proba telemática empregando os recursos da Aula Virtual ou similares ou a través de videoconferencia, ou a realización de probas orais a través de videoconferencia. Para a realización das probas telemáticas, sexan escritas ou orais, e salvo indicación expresa por parte do profesor, o alumnado non poderá empregar ningún tipo de recurso (libro de texto, apuntamentos, caderno, internet...); en caso de que o profesor detecte o incumprimento desta medida, poderá calificar negativamente a proba, incluso cun 0, dependendo do gravidade da actuación do alumno neste sentido. Do mesmo xeito, durante a realización das probas poderase pedir ao alumnado evidencias de que está realizándoa limpamente, o cal podería supoñer, no caso das probas mediante videoconferencia, a colocación nunha determinada posición da cámara para amosar o entorno e o campo de visión

do alumnado e asegurarse de carece de medios de apoio ao seu alcance.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino semipresencial e de corentena de parte do alumnado.

Neste caso e na medida do posible, intentaremos ceñirnos ao modelo exposto anteriormente para a ensinanza presencial con respecto tanto á valoración do traballo na clase coma dos exames escritos.

No caso de que algún alumno non puiden asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu servizo de saúde (ben por padecer a enfermidade ou ben por ser contacto estreito dun caso positivo), o profesor poderá optar por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación ou por substituíla por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.). O profesor contactará co alumno en cuestión á maior brevidade posible para comunicar ao alumno a forma de avaliación decidida.

Criterios de cualificación

Fan referencia á cumprimentación dos estándares de aprendizaxe prantexados ao longo do período a avaliar e recollidos tanto nos exames escritos como no traballo na aula

Dende esta perspectiva a cualificación do alumnado seguirá os seguintes criterios:

Traballo na clase: Cualificado baixo unha serie de premisas, tanto obxectivas coma subxectivas. Valorarase a orde e limpeza no traballo e na presentación de resultados. Adecuación das respostas aos estándares de aprendizaxe requiridos.

Como dixemos partimos da obrigatoriedade da realización deste traballo, e polo tanto só aparecerá recollido no caderno do profesor en caso de non terse realizado. Ao contar ata un 10% da nota, o alumno terá coñecemento deste feito e do nivel de penalización establecido.

Probas escritas: Recolleran unha síntese significativa dos estándares de aprendizaxe traballados ao longo do curso a través de varias preguntas.

Buscarase que o alumno comprenda en un principio os elementos básicos do estándar de aprendizaxe prantexado, representando o 50% da valoración final. Sobre esa base o 50% restante estará dedicado a valorar a profundidade dos coñecementos sobre estes mesmos estándares e a súa capacidade de relacionalos con outros.

Como aparece recollido no cadro, o mínimo establecido para superar o estándar de aprendizaxe é coñecer os elementos básicos do mesmo, que dende a perspectiva numérica correspondería ao 50% do total.

A organización interna da proba prantexaremos un número variable de preguntas cun peso

específico dentro da cualificación final do exame tamén variable, que en todo caso será coñecido polo alumno durante a realización da mesma.

As probas serán avaliadas de 0-10 servindo este resultado coma referencia para a obtención de medias.

No caso de ser sorprendido copiando, con chuletas ou con medios electrónicos non autorizados, a cualificación dese exame será 0, e tendo en conta esa nota seguirase o procedemento habitual de cualificación.

Criterios sobre a promoción do alumnado:

O criterio fundamental para a promoción do alumnado e a obtención dun nivel suficiente de coñecementos tanto dos contidos como das competencias que aparece expresado a través do dominio dos estándares de aprendizaxe establecidos na programación.

Dentro dos estándares de aprendizaxe establecemos que a porcentaxe mínima de coñecemento do mesmo debería de ser do 50%, o cal consideraríamos o coñecemento dos elementos básicos dese estándar. Partindo desta premisa, consideramos coherente establecer o criterio de promoción do alumno nun 50% da valoración total máxima, que se correspondería cun 5 na valoración de 0-10. Este 50% suporía un dominio básico dos contidos establecidos para este curso, e polo tanto o mínimo establecido para a súa promoción.

Dende esta perspectiva será imprescindible a obtención dunha cualificación de 5 na cualificación final.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e da práctica docente serán de dous tipos, obxectivos e subxectivos, e ambos deben ser relativizados e postos en relación cas características intrínsecas dos alumnos e a súa avaliación inicial.

Os indicadores obxectivos serán a análise da materia impartida en relación co tempo invertido e os resultados obtidos a partir da análise estatística das cualificacións dos alumnos.

Os indicadores subxectivos serán a valoración crítica por parte dos profesores implicados dos resultados anteriores contextualizados dentro dos resultados xerais do grupo nas distintas materias, a opinión dos alumnos e dos pais.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias

pendentes dependerá do Xefe de Departamento.

Debe identificar aos alumnos con materias pendentes.

Xestionar directamente ou a través do titor o procedemento de avaliación e cualificación para a materia pendente.

Para superar a materia pendente o xefe de departamento organizará un programa de traballo para esa materia que o alumno deberá cumprimentar no prazo establecido, que nunca será superior a un mes.

Estes traballos estarán baseados nos estándares de aprendizaxe establecidos para esta materia.

A elaboración destes traballos permitiránlle ao alumno obter ata 4 puntos na cualificación final.

En data establecida pola Xefatura de Estudos os alumnos con materias pendentes deberán realizar unha proba escrita baseada nos estándares de aprendizaxe traballados ao longo do ano. O resultado desta proba valorarase de 0 a 10.

A cualificación final resultará da suma do resultado da proba escrita e do traballo realizado durante o curso. Superarase en caso de ser superior a 5.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A avaliación inicial establécese coma un elemento fundamental para o desenvolvemento exitoso do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Isto é un principio básico en calquera ámbito educativo, pero en 1º da ESO cobra a súa plena dimensión.

Neste curso a avaliación inicial debe permitirnos coñecer as características dos alumnos recién chegados ao centro. Estas características, as súas debilidades, as súas potencialidades deben ser identificadas o antes posible para así poder desenvolver o proceso de educación na diversidade máis adecuado.

Para desenvolver a avaliación inicial recorreremos a un sistema mixto de traballo na aula e probas escritas. Este sistema deberá permitirnos valorar as características xerais dos nosos alumnos, o seu nivel de competencias e de coñecementos.

A partir desta primeira valoración, e tras a posta en común co resto de profesores do grupo, asesorados polo departamento de orientación e coordinados pola xefatura de estudos, tomaremos as medidas que consideremos oportunas en relación a aqueles alumnos que presenten problemas de aprendizaxe, e regularemos as tarefas de ampliación de coñecementos.

Basicamente as opcións a barallar serían os reforzos e as adaptacións curriculares para os

alumnos con problemas na adquisición de competencias.

En tódolos casos exercicios de ampliación e de reforzo adecuados ao perfil de cada alumnos

Medidas de atención á diversidade.

1. Evitar referencias comparativas e ferintes, sendo imprescindible o tratamento individualizado.
2. Responder ás expectativas dos alumnos/as con maiores capacidades, non só atender ós que presentan dificultades para aprender.
3. Adecuar ás diferentes capacidades as prioridades da selección de contidos e escalonalos acceso ó coñecemento, en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
4. Informar ó alumnado o que se espera de el, e valorar o progreso individual en función deses obxectivos marcados.
5. O traballo de actividades prácticas mellora os rendementos dos alumnos/as con máis dificultades.
6. Multiplica-los exercicios motivadores, vital para implica-lo alumnado no proceso de aprendizaxe.
7. Emprego de linguaxe sinxela nos materiais de traballo.
8. Traballo da expresión oral e escrita en actividades como comentarios, informes, debates, exposicións en aula...
9. Permitti-los agrupamentos para o traballo na aula, posibilitando inserción efectiva e afectiva. Os criterios son variados, como os intereses do alumnado, o ritmo de traballo, etc.
10. Adaptación dos procedementos de cualificación ás características do alumnado, sendo especialmente relevantes no caso dos alumnos con TDH, para o cal ceñirémosnos ao plan específico en coordinación co departamento de orientación e o resto do profesorado.
11. Outras medidas de atención á diversidade son as Adaptacións Curriculares:

Concreción dos elementos transversais que se traballaránno curso que corresponda.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. Igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

3. Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. 4. No ámbito da educación e a seguridade viaria

ESA-Módulo IV

Introdución e contextualización.

As ensinanzas básicas iniciais organízanse en dous niveis diferenciados, ambos cunha concepción globalizadora dos contidos. O primeiro nivel incluírá os coñecementos necesarios para adquirir as destrezas de lecto-escritura. Curso heteroxéneo dende a perspectiva das características dos estudantes, tanto en idade, coma en coñecementos previos.

**Obxectivos (O.). Contidos (C.). Criterios de Avaliación (C.A.).
Estándares de aprendizaxe avaliábel (E.A.). Competencias Clave (C.C.). Temporalización (T.). Grao mínimo para superar a materia (M.C.). Procedementos e Instrumentos de avaliación (P.I.A.). Aprendizaxes Imprescindibles**

E.S.A. Módulo IV							
Bloque 1: Historia							
O.	C.	C.A.	E.A.	C.C.	T.	M.C.	P.I.A.
E G H i	B1.1. A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1. Analizar as relacións entre o bloque de EUA e a URSS para comprender o concepto da	B1.1.1. Interpreta a evolución dos EUA e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.	CSC CAA CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.

		Guerra Fría.	B1.1.2. Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.	CSC CAA			
b d g h i	B1.2. O proceso de descolonización.	B1.2. Organizar os feitos máis importantes da descolonización	B1.2.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	CSC CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.2.2. Distingue	CSC CAA			

		n de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.				
	B1.3. A evolución das grandes potencias: URSS e EUA: sociedade, política, economía e cultura.	B1.3. Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	B1.3.1. Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.	CSC CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.3.2. Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información	CSC CAA			
			B1.3.3. Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas.	CSC CAA CCL			
cdghin	B1.4. A ditadura de Franco e a transición política de España cara á democracia.	B1.4.1. Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.	B1.4.1. Coñece o proceso que conduciu da Guerra Civil á ditadura.		2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
		B1.4.2.	B1.4.2. Describe a	CSC CAA			

		Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.				
			B1.4.3. Axuíza as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.	CAA CCL			
			B1.4.4. Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.	CSC CCL			
			B1.4.5. Valora os acertos do proceso de democratización en España	CSC CAA			
			B1.4.6. Analiza feitos e acontecementos conflictivos na España democrática.				
e g h i	B1.5. O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias	B1.5. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias	B1.5.1. Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a prol e en contra.	CSC CD CCL CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
a d g h j	B1.6. Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	B1.6. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a	B1.6.1. Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época.	CSC CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.6.2. Comprende os pros e contras	CSC			

		nivel mundial.	do estado de benestar.				
a c d g i j	B1.7. O derrubamento dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	B1.7.2. Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.	CSC CAA CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
a c d g i j	B1.8. A constitución da Unión Europea	B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea.	B1.8.1. Comprende as causas da constitución da Unión Europea.	CSC CCL	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B1.8.2. Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.	CSC CCL			
Bloque 2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial							
A F I P	B2.1. Autonomía e autocoñecemen to. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B2.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.	B2.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora , analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B2.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	CSIEE CAA	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
			B2.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada	CD CAA CSIEE			

			un deles.				
a e f i p	B2.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B2.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	B2.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. B2.2.2. Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos B2.2.3. Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuir á cohesión social.	CAA CSIEE	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.
A C I p	B2.4. Dereito do traballo. B2.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B2.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. B2.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B2.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. B2.9. Riscos	B2.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	B2.3.1. Identificas normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. B2.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de	CSC CSIEE CSC CSIEE CMCCT	2 C	50%	Traballo de clase. Probas escritas.

laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.		negociación colectiva.				
		B2.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	CCL CSC CSIEE			
		B2.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	CSIEE CAA CMCCT			

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Concrecións metodolóxicas na modalidade de ensino presencial.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino non presencial.

No caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial, cada profesor botará man da **canle de comunicación e de traballo** co alumnado que previamente fora acordada con eles e que será fundamentalmente a **Aula Virtual** do centro, así como o correo electrónico. Ao comezo de curso, cada grupo contará cunha sección na Aula Virtual na que se subirán materiais de traballo e tarefas para ir acostumbrando ao alumnado ao seu uso.

De terse que suspender a actividade lectiva presencial, haberanse de introducir igualmente varias modificacións referentes á metodoloxía. En primeiro lugar, dependendo do tempo estimado que se prevexa que poida durar esa situación, poderanse introducir **modificacións na temporalización** da programación, buscando principalmente adicar o tempo de ensino a distancia para traballar aquelas aprendizaxes que revistan un carácter máis teórico e que, polo tanto, resulte máis doado ao alumnado de seguir. En segundo lugar, aplicarase unha redución dos contidos a traballar, que serán reducidos aos **mínimos e aprendizaxes imprescindibles** recollidos no apartado 6 desta programación. En terceiro lugar, a forma de traballar tamén deberá ser modificada; neste senso, o profesorado aportará ao alumnado recursos para explicar ou repasar os contidos que deban ser traballados, os cales serán vídeos explicativos (ben elaborados polo docente ou ben obtidos na rede) e/ou clases telemáticas; neste último caso, a canle empregada de xeito preferente será a plataforma habilitada pola Xunta (Cisco Webex), aínda que tamén se poderán outras plataformas similares.

En canto ás **actividades** que deberá realizar o alumnado, traballarase de maneira habitual co libro de texto e as actividades que veñen indicadas nel. Isto presenta varias vantaxes: primeiramente, por ser a maneira de traballo á que o alumnado está máis afeito, e en segundo

lugar porque permite reducir o tempo que o alumnado deberá estar conectado, o cal debe ser tido en conta tanto por cuestións de saúde e de comodidade para el como para o caso das familias que dispoñan de menores medios informáticos e que, por conseguinte, deban compartilos entre varios membros. Por outra banda, tamén se optará pola realización de traballos de síntese ou investigación que permitan traballar as competencias clave, ademais dos contidos propios da materia.

Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial e de corentena de parte do alumnado.

No caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial, terase en conta as características de dita modalidade que decidan as autoridades educativas. A grandes rasgos, optarase por unha combinación do modelo presencial e non presencial arriba descrito, en función de cal dos dous sexa o predominante. No caso dun ensino semi-presencial máis equitativamente distribuído, como podería ser a alternancia de días ou semanas presenciais e a distancia, adoptaranse principalmente modificacións na temporalización da programación para adecuar o tipo de contidos á modalidade que resulte máis axeitada para abordalos. Así, optarase esencialmente por adicar os días de ensino presencial para traballar novos contidos, sobre todo no caso de aqueles de carácter máis práctico ou que poidan resultar máis complexos para o alumnado, e adicaranse maioritariamente os días de ensino non presencial para a realización de actividades (tanto de repaso como de ampliación ou traballos) e para abordar, de ser necesario, os contidos máis sinxelos e que o alumnado poida traballar facilmente por si mesmos.

Por outra banda, tamén se deberá ter en conta o caso de que haxa alumnos que, como consecuencia de ter que estar en cuarentena pola Covid-19 e, polo tanto, que non poidan acudir ás clases presencialmente. Nestas situacións, o profesor poderá, se así o desexa, retransmitir as clases ben en tempo real ou ben gravadas para o alumnado que se atope en situación de corentena. Sen perxuízo do anterior, a canle preferente de traballo e comunicación co alumnado será a Aula Virtual, subindo as tarefas e materias necesario para que este alumnado poida continuar co seu proceso de aprendizaxe desde a casa; as dúbidas solucionaranse ben mediante o servizo de mensaxería da Aula Virtual ou ben mediante correo electrónico ou calquera outra vía acordada que o profesor considere axeitada.

Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Para o desenvolvemento deste curso e debido ás características do alumnado non

recorreremos ao libro de texto

As TIC serán as grandes protagonistas das nosas aulas. Así as fotografías aéreas ofrecidas polo SICPAC serán unha das ferramentas cotiás do noso traballo.

O Google Earth e as súas imaxes en 360 ° son outra das potentes ferramentas dixitais ás que recorreremos ao longo do curso.

O profesor porá a disposición do alumnado, ben directamente, ben a través da biblioteca, atlas, mapas e planos de distintos tipos e escalas.

En todo momento potenciaremos a lectura e o uso da biblioteca escolar.

Todo isto será complementado con recursos audiovisuais proporcionado polo profesor ou a través de distintas canles de You Tube.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación na modalidade de ensino presencial.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán fundamentalmente tres. O traballo na aula e as probas escritas ou traballos.

Traballo na clase: Neste caso valorarase a participación significativa nas dinámicas de grupo así como a realización dos exercicios propostos. Terá un peso na nota final do 20%.

Exame escrito ou traballo: Realizaremos varios exames escritos por cuatrimestre. Neles prantexaremos un número variable e significativo de preguntas referidas aos estándares de aprendizaxe desenvolto durante o período a avaliar. Os exames serán cualificados de 1 a 10 e farase a media aritmética entre a nota de todos eles. Terá un peso na nota final do 80%.

O instrumento de avaliación do traballo estará reservado, en casos moi puntais, para aquel alumnado que non asista regularmente as clases pero sí faga un seguimento da materia e non poida asistir ao exame final fechado oficialmente.

Exames de recuperación:

No caso de que a cualificación da media dos exames do cuatrimestre sexa inferior a 5 o profesor ofrecerá a posibilidade de realizar un exame final dese cuatrimestre

En caso de aprobar o exame final, a cualificación obtida nese exame pasará a ser a calificación final.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una

modalidade de ensino non presencial.

Neste caso e na medida do posible, intentaremos ceñirnos ao modelo exposto anteriormente para a ensinanza presencial con respecto tanto á valoración do traballo na clase coma dos exames escritos.

Aínda así queremos deixar constancia dunha serie de matices no caso de que nos vexamos obrigados a recorrer ó ensino non presencial. A primeira medida será tratar de retrasalas ata que se poida retomar novamente a actividade lectiva presencial. En caso de que isto non fose posible, ou non se puidese producir nun prazo de tempo razoable, supoñendo contratempos para a avaliación do alumnado, poderase optar por dúas posibilidades: a súa substitución por unha actividade de avaliación diferente (como a realización dun traballo, un boletín de exercicios...), ou a realización de probas telemáticas. Neste último caso, poderase optar igualmente por varios modelos: a realización dunha proba telemática empregando os recursos da Aula Virtual ou similares ou a través de videoconferencia, ou a realización de probas orais a través de videoconferencia. Para a realización das probas telemáticas, sexan escritas ou orais, e salvo indicación expresa por parte do profesor, o alumnado non poderá empregar ningún tipo de recurso (libro de texto, apuntamentos, caderno, internet...); en caso de que o profesor detecte o incumprimento desta medida, poderá calificar negativamente a proba, incluso cun 0, dependendo do gravidade da actuación do alumno neste sentido. Do mesmo xeito, durante a realización das probas poderase pedir ao alumnado evidencias de que está realizándoa limpamente, o cal podería supoñer, no caso das probas mediante videoconferencia, a colocación nunha determinada posición da cámara para amosar o entorno e o campo de visión do alumnado e asegurarse de carece de medios de apoio ao seu alcance.

Procedementos e instrumentos de avaliación no caso de ter que adoptar una modalidade de ensino semipresencial e de corentena de parte do alumnado.

Neste caso e na medida do posible, intentaremos ceñirnos ao modelo exposto anteriormente para a ensinanza presencial con respecto tanto á valoración do traballo na clase coma dos exames escritos.

No caso de que algún alumno non puider asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu servizo de saúde (ben por padecer a enfermidade ou ben por ser contacto estreito dun caso positivo), o profesor poderá optar por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación ou por substituíla por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.). O profesor contactará co alumno en cuestión á maior brevidade posible para comunicar ao alumno a forma de avaliación decidida.

Criterios de cualificación

Fan referencia á cumprimentación dos estándares de aprendizaxe prantexados ao longo do período a avaliar e recollidos tanto nos exames escritos como no traballo na aula

Dende esta perspectiva a cualificación do alumnado seguirá os seguintes criterios:

Traballo na clase: Neste caso valorarase a participación significativa nas dinámicas de grupo así como a realización dos exercicios propostos. Terá un peso na nota final do 20%.

Exame escrito: Realizaremos un exame escrito por cuatrimestre. Neles prantexaremos un número variable e significativo de preguntas referidas aos estándares de aprendizaxe desenvolto durante o período a avaliar. O exame será cualificado de 1 a 10. Terá un peso na nota final do 80%.

Exames de recuperación:

No caso de que a cualificación da media dos exames do cuatrimestre sexa inferior a 5 o profesor ofrecerá a posibilidade de realizar un exame final dese cuatrimestre

En caso de aprobar o exame final, a cualificación obtida nese exame pasará a ser a calificación final.

Criterios sobre a promoción do alumnado:

O criterio fundamental para a promoción do alumnado e a obtención dun nivel suficiente de coñecementos tanto dos contidos como das competencias que aparece expresado a través do dominio dos estándares de aprendizaxe establecidos na programación.

Dentro dos estándares de aprendizaxe establecemos que a porcentaxe mínima de coñecemento do mesmo debería de ser do 50%, o cal consideraríamos o coñecemento dos elementos básicos dese estándar. Partindo desta premisa, consideramos coherente establecer o criterio de promoción do alumno nun 50% da valoración total máxima, que se correspondería cun 5 na valoración de 0-10. Este 50% suporía un dominio básico dos contidos establecidos para este curso, e polo tanto o mínimo establecido para a súa promoción.

Dende esta perspectiva será imprescindible a obtención dunha cualificación de 5 na cualificación final.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e da práctica docente serán de dous tipos, obxectivos e subxectivos, e ambos deben ser relativizados e postos en relación cas características intrínsecas dos alumnos e a súa avaliación inicial.

Os indicadores obxectivos serán a análise da materia impartida en relación co tempo invertido e os resultados obtidos a partir da análise estatística das cualificacións dos alumnos.

Os indicadores subxectivos serán a valoración crítica por parte dos profesores implicados dos resultados anteriores contextualizados dentro dos resultados xerais do grupo nas distintas materias, a opinión dos alumnos e dos pais.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes dependerá do Xefe de Departamento.

Debe identificar aos alumnos con materias pendentes.

Xestionar directamente ou a través do titor o procedemento de avaliación e cualificación para a materia pendente.

Para superar a materia pendente o xefe de departamento organizará un programa de traballo para esa materia que o alumno deberá cumprimentar no prazo establecido, que nunca será superior a un mes.

Estes traballos estarán baseados nos estándares de aprendizaxe establecidos para esta materia.

A elaboración destes traballos permitiránlle ao alumno obter ata 4 puntos na cualificación final.

En data establecida pola Xefatura de Estudos os alumnos con materias pendentes deberán realizar unha proba escrita baseada nos estándares de aprendizaxe traballados ao longo do ano. O resultado desta proba valorarase de 0 a 10.

A cualificación final resultará da suma do resultado da proba escrita e do traballo realizado durante o curso. Superarase en caso de ser superior a 5.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A avaliación inicial establécese coma un elemento fundamental para o desenvolvemento exitoso do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Isto é un principio básico en calquera ámbito educativo, pero en 1º da ESO cobra a súa plena dimensión.

Neste curso a avaliación inicial debe permitirnos coñecer as características dos alumnos recién chegados ao centro. Estas características, as súas debilidades, as súas potencialidades deben ser identificadas o antes posible para así poder desenvolver o proceso de educación na diversidade máis adecuado.

Para desenvolver a avaliación inicial recorreremos a un sistema mixto de traballo na aula e

probas escritas. Este sistema deberá permitirnos valorar as características xerais dos nosos alumnos, o seu nivel de competencias e de coñecementos.

A partir desta primeira valoración, e tras a posta en común co resto de profesores do grupo, asesorados polo departamento de orientación e coordinados pola xefatura de estudos, tomaremos as medidas que consideremos oportunas en relación a aqueles alumnos que presenten problemas de aprendizaxe, e regularemos as tarefas de ampliación de coñecementos.

Basicamente as opcións a barallar serían os reforzos e as adaptacións curriculares para os alumnos con problemas na adquisición de competencias.

En tódolos casos exercicios de ampliación e de reforzo adecuados ao perfil de cada alumnos

Medidas de atención á diversidade.

12. Evitar referencias comparativas e ferintes, sendo imprescindible o tratamento individualizado.
13. Responder ás expectativas dos alumnos/as con maiores capacidades, non só atender ós que presentan dificultades para aprender.
14. Adecuar ás diferentes capacidades as prioridades da selección de contidos e escalonaloo acceso ó coñecemento, en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
15. Informar ó alumnado o que se espera de el, e valorar o progreso individual en función deses obxectivos marcados.
16. O traballo de actividades prácticas mellora os rendementos dos alumnos/as con máis dificultades.
17. Multiplica-los exercicios motivadores, vital para implica-lo alumnado no proceso de aprendizaxe.
18. Emprego de linguaxe sinxela nos materiais de traballo.
19. Traballo da expresión oral e escrita en actividades como comentarios, informes, debates, exposicións en aula...
20. Permitti-los agrupamentos para o traballo na aula, posibilitando inserción efectiva e afectiva. Os criterios son variados, como os intereses do alumnado, o ritmo de traballo, etc.
21. Adaptación dos procedementos de cualificación ás características do alumnado, sendo especialmente relevantes no caso dos alumnos con TDH, para o cal ceñirémosnos ao plan específico en coordinación co departamento de orientación e o resto do profesorado.
22. Outras medidas de atención á diversidade son as Adaptacións Curriculares:

Concreción dos elementos transversais que se traballaránno

curso que corresponda.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
2. Igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
4. No ámbito da educación e a seguridade viaria

Mecanismo de revisión e de avaliación de modificación das programacións didácticas.

Ao longo do curso esta programación vai ir sendo avaliada polo profesorado do departamento nas distintas reunións do departamento do que iremos deixando constancia no libro de actas do mesmo. O obxectivo xeral será ir detectando as posibles deficiencias nos distintos apartados que nos vaimos atopando ao longo da nosa actividade docente, para poder modificala na medida do posible e convertela nun instrumento máis eficaz para o proceso de ensinanza por nos desenvolvido.